

*Ferrol a 15/06/2020.*

A la atención de:

- TRIBUNAL AVALIADOR SOCORRISTAS E ASPIRANTES.

Asunto:

- Protocolo proba de piscina.

Informa:

- **Santiago Troitiño Guerrero – Coordinador Seguridade Concello Ferrol.**

En base ao establecido no BOP nº 79 do 3 de xuño do 2020, en relación as bases de contratación de 45 socorristas no seu punto dedicado a fase de oposición, e en concreto a proba combinada de piscina, establececese o seguinte protocolo:

- 1) A proba será realizada o próximo xoves día 18 de xuño do 2020 entre as 10.00 horas e as 13.45 horas nas instalacións do Pavillón Gómez Noya sito na rúa Pardo Bazán s/n, 15406 Ferrol.
- 2) Os aspirantes serán convocados na zona exterior das instalacións do Pavillón en grupos de 12 con un intervalo de separación de 15 minutos. O primeiro grupo será convocado as 10.10 horas para realizar a baixada ao vestiario as 10.20 horas coa idea de iniciar a proba as 10.30 horas.

Os aspirantes manterán a correspondente distancia de seguridade e virá ou recibirá unha máscara hixiénica para acceder a instalacións. Terá a documentación na man.

Rogase a máxima dilixencia para poder realizar a proba no tempo estipulado.

- 3) Os aspirantes acceden as instalacións en grupos de 12, sendo divididos en dous grupos en cada vestiario.

O tribunal realizará un listado cos participantes asinados a cada grupo e a súa hora de presentación. Aquel que non este a hora indicada quedará excluído da proba.

- 4) Accederán ao vaso en grupos de 6 coa vestimenta necesaria para a proba e o DNI que mostrarán ao secretario do tribunal cando o requira.
- 5) Farase un repaso das normas da proba e se permitirán uns minutos de quecemento no mesmo vaso onde vaia a realizar a proba.

- 6) Colocaranse nas seis calles asinadas por orde de nomeamento de menos a mais (o primeiro da lista na rúa de menor número e así sucesivamente).
- 7) Tal e como indica o BOP a proba realizarase do seguinte xeito:
  - a. Saída de pé ao borde do vaso (sen subir a os poyetes).
  - b. A sinal de saída consistirá nas indicacións: PREPARADOS – ASUBÍO.
  - c. Entrarase na auga coa técnica aberta sen afundirse (apropiada para lugares de escasa profundidade) mantendo a cabeza fóra da auga.

A inmersión total da cabeza suporá a descualificación da proba.

- d. Realizaranse 50 metros de nado CROL coa cabeza fóra da auga, recollerase un obxecto do fondo da piscina e remolcarase 50 metros de costas e patada de braza mantendo en todo momento o obxecto fóra da auga.

Será motivo de descualificación a inmersión completa continuada da cabeza na auga, non manter o obxecto de forma continua fora da auga e non facer o total do traxecto.

- e. Ao chegar ao borde do vaso da piscina colocarase o obxecto fóra da auga no lugar apropiado para iso.

Será motivo de descualificación non deixar o obxecto na zona de saída.

- 8) A proba será cronometrada por persoal coa titulación de cronometrador de salvamento e socorrismo.

Os catro cronometradores colocaranse detrás ou ao lateral do aspirante para controlar a correcta entrada na auga. Pasarán ao lado contrario para comprobar el contacto co lateral.

Por último volverán a saída para parar o cronómetro no mesmo momento en que o aspirante deposite o obxecto na zona de saída.

- 9) Ensinarán o cronómetro coa marca rexistrada ao compoñente do tribunal encargado de inscribir os resultados.

- 10) Os aspirantes, ao finalizar a proba, non poderán facer uso das duchas. Tras secarse terán que vestirse de xeito dilixente para abandonar as instalación e permitir o acceso do seguinte grupo. A saída será igualmente respectando a distancia de seguridade e coa máscara hixiénica posta.

Entre un grupo e o seguinte procederase a desinfección dos vestiarios.

- 11) En base ao protocolo sanitario das instalacións deportivas do Concello de Ferrol non está permitido o acceso a piscina a ninguén alleo a proba. Así mesmo, ningún aspirante poderá permanecer na instalación mais aló do tempo necesario para realizar a proba.

- 12) Ao finalizar a proba reunirase o tribunal para establecer a puntuación definitiva que será publicada a maior brevidade posible.



EXCELENTÍSIMO  
CONCELLO  
DE FERROL

Atentamente



Santiago Troitiño Guerrero.  
Coordinador de Seguridade.